

PARA AS FAMILIAS



O derradeiro libro de Emma Olsen, de Berta Dávila. Emma afronta os seus derradeiros meses de vida afectada por unha enfermidade terminal. Mais ela é escritora, e decide dedicar o tempo que lle queda a rematar unha novela que non é exactamente unha novela.

Sete caveiras, de Elena Gallego Abad. Unha xornalista apartada da sección de Sucesos descobre o cadáver dun motorista aboianado no porto de Vigo.



Os televisores estrábicos, de Ramón Vilar. Libro de relatos no que un atracador que ao saír do banco bate co único policía local de garda; comprobamos como unha tarde de pesca nun río pode rematar en ataque de pánico; sabemos que as mantas eléctricas espantan a friaxe dos pés, pero non a soidade...

De voces ceibes a Milladoiro, de Antón Seoane. Da man de Antón Seoane, un dos nosos músicos máis importantes e peza fundamental de Milladoiro, viaxamos polos anos anteriores á saída do primeiro disco desta formación, ao tempo que se revisa unha época e un proxecto: o intento por construír unha música de nós e botar a andar un proxecto absolutamente diferente: Milladoiro.




PARA TODOS/AS



Cuaderno del huerto. Páxinas que se despregan, sobres que se abren.... Un libro cheo de páxinas máxicas que nos meten no mundo do horto e nos descobre técnicas e segredos.

Enciclopedia ilustrada. Huerto y cocina ecológica. Con máis de 1.700 coidadas fotografías e ilustracións, esta guía ofrece toda a información que se necesita, tanto para cultivar o propio horto orgánico como para elaborar as receitas máis nutritivas e sans cos produtos que se obteña.



De la maceta a la cazuela. Con este libro aprenderemos a plantar, a cociñar e a decorar os alimentos, compartindo marabillosos pratos coa familia e amigos. Un práctico manual de cociña e xardinería para achegarse ao mundo das plantas.

Fútbolín, de Juan José Campanella. Amadeo é un enamorado do fútbol, tanto que se convertiu nun xogador imbatible do fútbolín que se atopa nun pequeno bar da vila onde vive. Grosso, bravucón do lugar, desafiaba a Amadeo a xogar un verdadeiro partido de fútbol, porque sabe que non pode ganarlle ao fútbolín.



Estamos no verán!!, de Xoán Curiel e Charo Pita. Libro-CD no que se conta a historia de dous amigos que queren ter un grupo de música.

A BIBLIOTECA DE FLORA



TODOS OS DÍAS, RESERVA UN TEMPO PARA LER



CEIP PEDRO CASELLES ROLLÁN-XOVE

PARA OS/AS MÁIS PEQUENOS/AS



O meniño Nito, de Sonia Rosa. Os homes choran ou non? Este é a dúbida que ten Nito. Será o doctor Aymoré quen lle axude a resolvela.

Na cociña de noite, de Maurice Sendak. É un clásico de 1970, cun texto rimado, protagonizado por un neno e tres pasteiros.



A burra Ramona, de Paula Carballeira. A burra Ramona deixa un día de traballar e decide que quere voar e unha chea de personaxes van axudarlle a conseguir os seus soños.

O dragón que cambiaba cada vez que esbirraba, de Miguelanxo Prado e David Aceituna. O dragón esbirrou tan forte que despeinou a princesa, arrancou os pétalos da flor, tropezou co cabaleiro...



Elefante comellón, de Rafael Ordóñez. Relato de estrutura repetitiva e acumulativa no que a varios animais se lles antolla unha froita e percorren a sabana para saciar o seu apetito.

PARA OS/AS QUE XA LEN SÓS/SOAS



Inventario ilustrado das árbores, de Virginie Aladjidi. Árbores de todo o mundo dos que se amosan aspectos científicos, ecolóxicos e simbólicos.

As viaxes de Ruki, de Ramón Caride.

Ruki é un rato-robot que, grazas a unha teteira, un ordenador e unha tormenta, viaxa polo universo, visitando extrañas galaxias e seres como os "guquiquis", os gatos campés e a comellona do planeta Toupamil.



O baile diminuto, de Mª José Ferrada. De onde saíron os animais diminutos que atravesan pola mañá o xardín? Será que un día non eran nada e logo foron grilos, vermes, bolboretas...

El secreto de la flor que volaba, de Demian Bucay. Dende moi pequeno, Ho Liang quedou fascinado polas bolboretas. Ao converterse en emperador, quixo ter nunha gaiola de cristal ao menos unha de cada recuncho do seu imperio. Sen embargo, as bolboretas en cautiverio perdían a cor ante a mirada absorta do emperador.



O misterio do lixo mutante, de Carlos Freire. Catro gatos da rúa, Fiz, Carlocho, Felisa e Nébedo atopan entre restos de comida unha botella cuns extraños xeroglíficos. A curiosidade por coñecer o autor da misteriosa mensaxe levaos a vivir múltiples aventuras.

PARA OS/AS MÁIS AVANZADOS/AS



O fio vermello, de An Alfaya. Carlo e Nicola son dous irmáns inseparables. Nicola faise soldado e desaparece nun lugar en guerra. Dende entón, Carlo péchase na terraza ata que apareza o seu irmán.

Smerling: na tea de araña, de Lola Gándara. Chámome Tomás Barrer, teño once anos e son coma os outros, un rapaz conflictivo. Todo empezou cando se desatou a tormenta...



Os nenos de Bullerbyn, de Astrid Lindgren. Lisa, Britta, Anna, Lasse, Bosse e Ole viven en Bullerbyn, unha aldea tan pequena que non ten sitio para o aburrimiento. Alí constrúen cabanas, van pescar, dormen na palleira e fan carreiras na neve.

Alaia e a deusa, de Tomás González Ahola. Alaia, unha moza da tribo dos nerios, ten que abandonar o seu castro natal para ir traballar á cidade de Thaladé, construída enriba do bravo Mar Poñente.



Soños de mar, de X. H. Rivadulla Corcón. Aventura inspirada pola lírica medieval galega e pola cultura mariñeira. Álex é un neno de sexto de primaria que quere ser poeta. Un día atopa un pergamino que contén un poema inacabado...